

1ª. PRÓRROGA AO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO O DEZANOVE DE ABRIL DE 2022 ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES DE NOSA SEÑORA DO ROSARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS CONXUNTAS DE INTERESE COMÚN NO EIDO DAS ARTES E NO ÁMBITO DO PATRIMONIO ARTÍSTICO DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dunha parte D. Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de setembro de 1983 e modificado o 6 de outubro de 2020, e segundo o acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, relativo á elección dos membros da Mesa (DOG número 159, do 7 de agosto de 2020).

Doutra, D. Manuel Quintana Martelo, na súa condición de presidente da Real Academia Galega de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario (en adiante, Real Academia Galega de Belas Artes), en exercicio das competencias que lle confire o artigo 22 dos estatutos da entidade.

No protocolo de colaboración vixente, asinado o 19 de novembro de 2022, as partes acordan na cláusula quinta de prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución, que o Protocolo producirá efectos a partir da data do seu asinamento e terá unha vixencia dun ano, prorrogable por períodos sucesivos anuais ata un máximo de catro anos, mediante acordo expreso das partes ao remate de cada período, agás que se resolva e así mesmo, as partes poderán modificar os termos deste protocolo de acordo mutuo.

ACORDAN

Primeiro. Subscribir a primeira prórroga por un ano a contar desde o 19 de abril de 2023.

Segundo: A publicación do acordo dando cumprimento ao estipulado na cláusula novena do Protocolo.

En proba de conformidade, as partes asinan electronicamente esta prórroga do protocolo de colaboración.

Polo presidente do Parlamento de Galicia,

Polo presidente da Real Academia Galega
de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario,

Miguel Ángel Santalices Vieira

Manuel Quintana Martelo